



# **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Medicina e Odontoloxía**

**Curso Académico: 2014 / 2015**

## Índice

1.	Introdución .....	3
2.	Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade .....	5
3.	Plan de Melloras do Centro .....	16
4.	Anexo: Informes de seguimento .....	17

## 1. Introducción

A Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela é consciente da importancia de desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación aos estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condición de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e da optimización dos recursos.

A Memoria de Calidade da Facultade de Medicina e Odontoloxía, correspondente ao curso académico 2014/2015, recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, aos títulos impartidos no centro e ao Plan de Melloras do Centro (incluíndo as Accións de Mellora programadas a nivel de centro para o curso 2015/2016), así coma os Informes de seguimento das titulacións impartidas no centro (Anexos).

O presente documento foi elaborado polo grupo de traballo encargado das actividades e procedementos de mellora e debatido nas sesións celebradas os días 8 e 22 de Marzo de 2016.

Solicitouse o correspondente informe á Área de Calidade e Mellora de Procedementos, que foi recibido o 23 de Marzo de 2016. A Memoria de Calidade foi aprobada posteriormente pola Comisión de Calidade do Centro o día 29 de Marzo de 2016, e pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Medicina e Odontoloxía o día 30 de Marzo de 2016

Polo que se refire aos títulos impartidos no curso académico 2014/2015 foron os seguintes:

- a. Grao en Medicina (GrM)
- b. Grao en Odontoloxía (GrO)
- c. Máster Universitario en Ciencias Odontolóxicas (MUCO)
- d. Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento (MUCXNACD) - Interuniversitario.
- e. Máster Universitario en Investigación Biomédica (MUIB)
- f. Máster Universitario en Saúde Pública (MUSP)<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup> Este máster non ofertou prazas de inicio en aplicación do Decreto 222/2011 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Ademais, tamén se impartiu o último curso da Licenciatura en Medicina con dereito a docencia, e varios cursos en extinción, tanto de Medicina como de Odontoloxía, sen dereito a docencia pero con dereito a exame.

Cómpre destacar, que este centro é complexo, tanto polo volume de titulacións que se xestionan, como polas características da docencia que aquí se imparte.

A documentación de referencia inclúe:

- o Manual do SGIC,
- o Manual de Procesos e Procedementos,
- a Normativa estatal, e autonómica
- a Normativa da Universidade de Santiago de Compostela
- as Memorias verificadas dos diferentes títulos que se imparten na facultade.

A estrutura para o desenvolvemento do SGIC na Facultade de Medicina e Odontoloxía está formada pola Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título de cada un dos graos e másteres impartidos no centro, e o Comité Consultivo.

A Comisión de Calidade do Centro está formada por:

- O Decano (que a preside e a convoca)
- A Vicedecana de Intercambios, Innovación Docente e Calidade, que é a Responsable de Calidade del Centro (RCC)
- A Secretaria do Centro, que o será tamén da Comisión
- Os coordinadores ou coordinadoras das titulacións adscritas o Centro
- A responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos
- 1 alumno/a de Medicina e outro de Odontoloxía
- 1 representante do Comité Consultivo
- 5 membros do Persoal Docente e Investigador dos Departamentos con sede administrativa na Facultade de Medicina e Odontoloxía, tralo proceso de reorganización dos Departamentos realizado polo equipo de goberno da Universidade de Santiago de Compostela

Ademais, de acordo co recollido no Regulamento de Réxime Interno (RRI) da Facultade, e consonte co establecido nos Estatutos da Universidade, os órganos de goberno e

administración do Centro son a Xunta de Facultade (órgano colexiado) e o Equipo Decanal.

O Equipo Decanal actual esta formado polo Decano, o Vicedecano de Docencia Clínica, a Vicedecana de Intercambios, Innovación Docente e Calidade, o Vicedecano de Odontoloxía, e a Secretaria.

De acordo co Regulamento de Réxime Interno (RRI), se establecen as seguintes comisións delegadas que terán carácter estable:

- Comisión Permanente
- Comisión de Normalización Lingüística
- Comisión de Biblioteca
- Comisión de Docencia de Medicina
- Comisión de Docencia de Odontoloxía
- Comisión de Validacións de Medicina
- Comisión de Validacións de Odontoloxia

Ademais das establecidas no RRI, a Facultade conta coas seguintes Comisións delegadas:

- Comisión Académica de Avaliación de Competencias Obxectiva Estruturada (ACOE)
- Comisión do Traballo Fin de Grao-Master de Medicina
- Comisión do Traballo Fin de Grao-Master de Odontoloxía

## **2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade**

### **O Sistema de Garantía Interna de Calidade**

A Facultade de Medicina e Odontoloxía aprobou o súa versión inicial do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) no ano 2010, obtendo a avaliación favorable por parte da ACSUG en maio dese ano.

Posteriormente, o SGIC marco da USC foi modificado no ano 2013, para simplificalo e para evitar a duplicación de traballo nos centros. Así, os documentos que configuran o SGIC marco revisado da USC son o Manual Extenso, o Manual Simplificado e o Manual de Procesos e Procedementos.

Os centros deben adaptar o Manual Simplificado ás súas particularidades, non tendo que replicar os outros documentos no seu sistema agás cando introduzan modificacións sobre os documentos marco. Esta é unha das áreas de mellora que se están desenvolvendo actualmente e que constituirá o primeiro paso no desenvolvemento do SGIC da Facultade.

En canto ao Manual de Procesos e Procedementos, foi modificado o pasado mes de xullo de 2015 (versión 3 aprobada polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015), se ben considérase necesario abordar desde o centro unha adaptación dos procesos e procedementos nel establecidos á realidade da Facultade, para asegurar o seu funcionamento óptimo.

Durante o curso 2014/2015 dous dos másteres impartidos na Facultade renovaron a súa ACREDITACION. Froito deste proceso, a comisión avaliadora sinala a necesidade de implantar completamente o Sistema de Garantía de Calidade axustándoo e/ou simplificándoo, cando sexa necesario, á realidade e contexto da Facultade e da súa oferta formativa. Recomendán tamén definir claramente as competencias da Comisión de Calidade do Centro e darlle o protagonismo necesario como órgano garante da calidade dos procesos formativos da Facultade e como promotora de iniciativas de mellora continua dentro do organigrama do centro.

Estes aspectos foron recollidos nos plans de mellora presentados polos dous másteres, co compromiso da Facultade de desenvolver gradualmente o SGIC, aspecto que se concreta agora no Plan de Melloras 2015/2016 recollido neste documento.


## Resultados do SGIC

En canto aos resultados do sistema, cómpre facer unha pequena análise do perfil do centro. No curso 2014/2015 ofertáronse 484 prazas de inicio de estudos distribuídas da seguinte forma:


Nome	Prazas ofertadas
Grao en Medicina	350
Grao en Odontoloxía	50
Máster Universitario en Ciencias Odontolóxicas	24
Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento	25
Máster Universitario en Investigación Biomédica	25
Máster Universitario en Investigación en Ciencias Odontolóxicas	10

Nome	Prazas ofertadas
<b>Total</b>	<b>484</b>

O total de prazas ofertadas reduciuse progresivamente como se pode ver na gráfica, debido fundamentalmente á redución do número de prazas no Grao en Medicina (de 400 iniciais ás 350 ofertadas no curso 2014/2015). O motivo de tal redución débese os acordos tomados pola Xunta de Facultade, o Consello de Goberno da Universidade, a Consellería de Educación, e o propio Ministerio, que limitan o número de prazas ofertadas de inicio de estudos a 350 para o Grao en Medicina.



En canto ao perfil dos estudantes da Facultade de Medicina e Odontoloxía, a nota media de acceso sitúase por riba de 6 puntos para a totalidade dos estudos adscritos á Facultade. Hai que ter en conta que a nota media de acceso para o grao calcúlase sobre 14 puntos e para os másteres sobre 10.




Ademais este perfil mantense o longo do tempo polo que a captación de alumnado pode considerarse óptima neste sentido. No curso 2014/2015 a nota de corte para o Grao en Medicina situouse en 12,62, a máis alta nos últimos catro anos; e para o Grao en Odontoloxía en 12,13 puntos.

Polo que respecta á procedencia do estudiantado, a Facultade de Medicina e Odontoloxía capta maioritariamente alumnado nacional, supoñendo o alumnado estranxeiro o 11,15% do total de estudantes matriculados (253 de 2269 no curso 14/15). Case a totalidade concéntranse no Grao en Medicina, e a procedencia do alumnado estranxeiro maioritariamente é de Portugal.


En canto os programas de mobilidade do alumnado, a porcentaxe de estudantes do curso 2013-14 enviados en programas de mobilidade sobre o total de matriculados aumentou substancialmente respecto a cursos anteriores, pasando do 2% o 4,45%. O número de alumnos está equilibrado entre os que a Facultade recibe e os que envía, supoñendo o alumnado enviado o 4,45% e o recibido o 4,72%.





### Perfil do Profesorado

A experiencia investigadora do profesorado no curso 2014-15, medida a través a porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia nas titulacións do Centro, sitúase ata catro puntos por embaixo do valor no curso previo. Este feito pódese explicar polo notable descenso na porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total nese curso, particularmente debido a xubilacións sen reposición, e que afectan o número de sexenios computados; o que habería que engadir tamén unha diminución da porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total, se ben este último indicador mantense aceptablemente como se pode apreciar no seguinte gráfico.



Tamén hai que considerar que case o 35% do profesorado das titulacións impartidas na Facultade, pertence á categoría de Profesor Asociado de Ciencias da Saúde, tratándose de profesionais sanitarios que combinan a docencia coa súa actividade profesional habitual, e que non entran no cómputo de experiencia investigadora.

En definitiva, o cadro de persoal segue a manter un alto nivel de cualificación.

### **Mobilidade do profesorado**

No curso 2014/2015 a mobilidade do profesorado correspondente a programas de intercambio Erasmus foi do 0,325% no Grao en Medicina e do 16,67% no Máster en Saúde Pública, manténdose con respecto a cursos anteriores.


Ademais, a mencionada perda de PDI por xubilación xunto coa situación económica actual que restrinxe a incorporación de prazas ao cadro de persoal da Usc, probablemente obriga o profesorado do centro a limitar a súa mobilidade para garantir que se cubra o encargo docente.

### **Resultados académicos**


En xeral, os resultados previstos nas memorias de verificación, dos diferentes títulos impartidos na Facultade cúmprense no curso 2014/2015. Ademais, as taxas de rendemento, éxito e

avaliación amosan uns resultados satisfactorios curso a curso no caso dos másteres. No caso dos graos é preciso esperar un curso académico máis, polo que serán froito de análise en próximas memorias.

Nas seguintes gráficas pódese ver a evolución dos diferentes resultados diferenciados para o grao e para os másteres impartidos na Facultade:



\*A taxa de eficiencia que figura no curso 2014/2015 correspóndese co Grao en Odontoloxía. Non se dispón de datos de graduación e abandono porque precisan de un curso máis a maiores do establecidos no título.



### Resultados das enquisas de satisfacción

No que respecta á satisfacción das diferentes enquisas realizadas dentro do Sistema de Garantía Interna de Calidade, os resultados son satisfactorios aínda que é preciso aumentar a participación para que sexan representativos, especialmente nos másteres onde ao ser menos alumnado precísase unha maior taxa de resposta.

En relación coa satisfacción coa docencia recibida, a evolución desde a súa implantación online é satisfactoria, incrementándose curso a curso como se pode observar na seguinte táboa:

Plan de estudos	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015
Grao en Medicina	3,73	3,65	3,82	3,81
Grao en Odontoloxía	3,83	3,89	3,95	4
Máster Universitario en Ciencias Odontolóxicas (2ª ed.)	3,77	3,87	3,69	4
Máster Universitario en Investigación Biomédica	3,73	3,75	3,73	3,39
Máster Universitario en Saúde Pública	3,87	3,99	3,99	-
Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento	-	3,23	-	4,44
Máster Universitario en Investigación en Ciencias da Visión	-	4,05	4,32	4,82

En canto á satisfacción coa docencia impartida, enquisa que cobre o PDI todos os anos, os resultados tamén son satisfactorios, se ben, como xa se apuntou, é preciso aumentar a participación do profesorado xa que se sitúa en torno ao 15%:

Centro	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015
Facultade de Medicina e Odontoloxía (Másteres)	-	3,6	4	3,09
Facultade de Medicina e Odontoloxía (Grao)	3,8	3,7	3,8	3,08

Cabe destacar que por primeira vez no curso 2014/2015, realizouse unha enquisa ao Persoal de Administración e Servizos que presta os seus servizos na Facultade de Medicina e Odontoloxía. Os resultados son moi satisfactorios acadando un 3,84 sobre 5 a satisfacción global co posto de traballo e situándose a media da USC no 3,64.

O resto de enquisas establecidas no sistema analízanse nos informes de seguimento de cada título, aínda que cómpre destacar a enquisa de mobilidade entrante, que se realiza a nivel da Facultade. A satisfacción global co programa de mobilidade no 2014/2015 foi moi satisfactoria, de 4,25 puntos sobre 5.

### Xestión de incidencias

A xestión de incidencias aténdese a través de tres canles:

1. A *Oficina de Análise de Reclamacións (OAR)*, que ten encomendada a función de canalizar e dar resposta ás suxestións e queixas que faga o estudantado en relación ao funcionamento dos servizos docentes, administrativos e de apoio da USC. Así mesmo, compételle a tramitación e proposta de resolución dos recursos que teñen que ver cos procedementos de xestión académica tramitados nas distintas unidades administrativas da USC dos que se sinalan: validacións, adaptacións, anulacións de matrícula, admisións, simultaneidades, subvención de prezos, apoio titorial extraordinario, revisión de cualificacións e recoñecemento de estudos cursados en programas nacionais ou internacionais. De acordo coa Memoria de actividades da OAR 2014, en relación cos recursos presentados no ámbito da xestión académica, o tema máis recorrente correspondeuse co “Recoñecemento de estudos”, e dos 81 recursos resoltos no ano 2014 relacionados coa Facultade de Medicina e Odontoloxía, 65 corresponderon á temática relacionada cos recoñecementos. O volume sobre o total de matriculados da Facultade non é significativo. En canto ás queixas e suxestións presentadas, vemos que a Facultade de Medicina e Odontoloxía presenta 31 queixas por parte do seu alumnado das que 15 corresponden ao

- proceso de Recepción de actas de exame. No informe da OAR publicado na súa web ([Memoria de actividades da OAR](#)) recóllense dous aspectos que afectan aos procesos do SGIC e que son recorrentes: a emisión fóra de prazo dos informes de recoñecementos e validacións parciais de estudos estranxeiros, e as actas recepciónadas fóra de prazo. O número de recursos e queixas presentadas é moi baixo se tomamos como referencia o alumnado total da Facultade.
2. O *Valedor da Comunidade Universitaria*. Durante o curso 2014-15, o Decanato da Facultade de Medicina e Odontoloxía emitiu os correspondentes informes, en resposta ás solicitudes feitas polo Valedor respecto das seguintes 8 queixas presentadas: Procedemento de asignación de grupos de prácticas (1), incumprimento do procedemento de avaliación establecido na programación dunha materia (2), aplicación dos criterios de avaliación e de revisión de cualificacións dunha materia (1), procedemento de avaliación de materias (3), procedemento de asignación de prazas de prácticas clínicas (1). No informa anual do Valedor da Comunidade Universitaria, presentado ante o Claustro, non figura nada significativo en relación coa Facultade de Medicina e Odontoloxía.
  3. Procedementos iniciados no *Decanato da Facultade de Medicina e Odontoloxía*: Durante o curso 2014-15 foron admitidas a trámite no Decanato da Facultade 8 reclamacións motivadas referentes a revisión de cualificacións dalgunha materia das titulacións adscritas o Centro; tamén foi tramitada unha queixa contra un profesor por non impartir a docencia que tiña asignada nunha materia, e por non asistir o exame da mesma.

Á vista destes e doutros indicadores facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da Usc, as titulacións ofertadas na Facultade de Medicina e Odontoloxía ofrecen, en comparativa cos globais da Universidade de Santiago de Compostela, uns bos resultados.

### Información pública

A Comisión de Calidade valorou a información pública que figura na web relativa aos títulos e ao Sistema de Garantía de Calidade. En consonancia coa necesidade de desenvolver e implementar o SGIC da Facultade, é preciso mellorar a información que figura no apartado Calidade para dar resposta á información mínima que se debe facer pública e á retroalimentación necesaria dos diferentes grupos de interese da facultade.

Para iso, acórdase programar unha acción de mellora para desenvolver durante o curso 2015/2016 as melloras necesarias.

### 3. Plan de Melloras do Centro 2015/2016

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 1
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
	Definición	Análise causa	Necesidade de desenvolver e implementar o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade.
		Definición/descrición proposta	Elaboración da documentación do SGIC
		Data prevista de finalización	Decembro de 2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicedecana de Calidade do Centro/Comisión de Calidade do Centro	
Tarefa 1	Código	AM 1.1	
	Descrición tarefa	Completar a revisión do Manual Simplificado do SGIC da Facultade	
	Data prevista de finalización	Maio 2016	
	Persoa responsable	Vicedecana de Calidade	
Tarefa 2	Código	AM 1.2	
	Descrición tarefa	Revisión de procesos e procedementos clave para o centro e aprobación do Manual de Procesos e Procedementos da Facultade	
	Data prevista de finalización	Decembro de 2016	



ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM 2	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
		Definición	Análise causa	Necesidade de seguir ofrecendo e mellorar a información dispoñible sobre o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Medicina e Odontoloxía.
			Definición/descrición proposta	Mellorar a información dispoñible no apartado <i>Calidade</i> da web do centro.
			Data prevista de finalización	Xullo de 2016
			Data inicio	Xaneiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Decanato / Vicedecana de Calidade		
Tarefa 1	Código	AM 2.1		
	Descrición tarefa	Revisar, actualizar e completar a información referente a documentación marco, órganos e comisións do SIGC, e títulos impartidos na Facultade		
	Data prevista de finalización	Xullo de 2016		
	Persoa responsable	Vicedecana de Calidade/Área de calidade da Usc/Coordinadores de Másteres		

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 3
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
	Definición	Análise causa	Necesidade de aumentar a participación nas enquisas de satisfacción
		Definición/descripción proposta	Incrementar o grao de participación nas enquisas de satisfacción, sobre todo do PDI e do alumnado
		Data prevista de finalización	Decembro 2016
		Data inicio	Xaneiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Decanato da Facultade de Medicina e Odontoloxía/Área de Calidade da Usc/Coordinación dos Másteres	
Tarefa 1	Código	AM 3.1	
	Descrición tarefa	Reunións cos responsables da Área de Calidade da Usc para determinar procedementos alternativos as enquisas online	
	Data prevista de finalización	Novembro 2016	
	Persoa responsable	Vicedecana de Calidade/Coordinación dos Másteres	
Tarefa 2	Código	AM 3.2	
	Descrición tarefa	Reforzar a través das Comisións de Docencia de curso a utilizade dos indicadores de satisfacción coa docencia recibida-impartida, e polo tanto da participación nas enquisas de satisfacción	
	Data prevista de finalización	Decembro 2016	
	Persoa responsable	Decanato/Vicedecana de Calidade	

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM 4	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora de calidade dos recursos materiais e de servizos
		Definición	Análise causa	Necesidade de adaptar as infraestruturas á implantación completa dos Grao en Medicina e do Grao en Odontoloxía
			Definición/descrición proposta	Mellorar a xestión dos espazos docentes e mellorar a dotación de recursos materiais destinados á docencia
			Data prevista de finalización	Decembro 2016
			Data inicio	Xullo de 2015
Responsables	Responsable da implantación	Decanato da Facultade de Medicina e Odontoloxía		
Tarefa 1	Código	AM 4.1		
	Descrición tarefa	Habilitar unha aplicación informática de reserva dos espazos docentes dedicados o ensino-aprendizaxe de competencias clínicas		
	Data prevista de finalización	Marzo 2016		
	Persoa responsable	Vicedecana de Calidade/Responsable da Unidade de Xestión do Centro		
Tarefa 2	Código	AM 4.2		
	Descrición tarefa	Solicitar os Departamentos a información actualizada sobre as necesidades materiais e de espazo para o desenvolvemento da docencia das competencias clínicas incluídas nos seus encargos docentes		
	Data prevista de	Xullo 2016		

		<b>finalización</b>		
		<b>Persoa responsable</b>	Decanato da Facultade de Medicina e Odontoloxía	
<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM 5	
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 3. Garantía de ensinanza, aprendizaxe e avaliación centrados no estudante
		<b>Análise causa</b>	Necesidade de desenvolver de xeito eficiente o ensino-aprendizaxe de competencias clínicas	
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Revisar e mellorar os recursos materiais dos Laboratorios de Habilidades, das Salas de Simulación Básica, e das salas clínicas do centro adicadas á docencia, adquirindo novos modelos de simulación (se existira subvención)	
		<b>Data prevista de finalización</b>	Decembro 2016	
		<b>Data inicio</b>	Marzo 2016	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana de Calidade/Vicedecano de Docencia Clínica		

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM 6	
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 4. Garantía e mellora de calidade dos recursos humanos
		<b>Análise causa</b>	Redución das plantillas de profesorado nos Departamentos adscritos á Facultade	

		<b>Definición/descripción proposta</b>	<b>Apoiar as solicitudes de incorporación de novo PDI que os Departamentos fagan á Vicerreitoría de Organización Académica e PDI</b>
		<b>Data prevista de finalización</b>	<b>Decembro 2016</b>
		<b>Data inicio</b>	<b>Novembro de 2015</b>
<b>Responsables</b>		<b>Responsable da implantación</b>	<b>Equipo Decanal da Facultade de Medicina e Odontoloxía</b>

### 1. Anexo: Informes de seguimento

Os Informes de Seguimento das titulacións adscritas á Facultade de Medicina e Odontoloxía están dispoñibles na páxina web do Centro no apartado *Calidade*.